

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL
DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2022

(Esta acta foi aprobada na reunión da Comisión do día 30 de abril de 2024, que presidiu D.^a Yolanda T. Lesmes Romero, como actual xerente da Universidade de Vigo, actuando como secretario D. Manuel Valebona Refojos, como actual xefe da Sección de Retribucións e Seguros sociais.)

Hora de inicio: 13:10 h
Hora de remate: 13:40 h
Lugar: Virtual no Campus remoto, Sala 20

Membros:

Pola Universidade:
- Raquel María Souto García (Xerente)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor
- Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:
- José Estévez Vázquez (desculpa asistencia)
- Carlos Román Lago
- Luís Pérez Gómez (non asiste)

Pola Xunta de PAS:
- Xoan M. Cebro Rodríguez (non asiste)
- María José Ríos Santomé
- José Manuel Sónora Abeijón (non asiste)

Pola Xunta de PDI:
- Generosa Fernández Manín
- María Montero Muñoz
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:
- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (22/12/2021 / 11/1/2022).
2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2022.
3. Valoración das reclamacións ás listaxes provisorias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2021.
4. Informe anticipos concedidos 2021.
5. Rogos e preguntas.



1. Aprobación da acta da reunión anterior (22/12/2021 / 11/1/2022).

A xerente pregunta ás e aos membros da Comisión se aproban a acta da sesión anterior. Non habendo alegacións dáse por aprobada a acta.

2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2022.

O xefe de Servizo de Extensión Universitaria solicita un gasto de 4.007,43€ para 2022 para Campus Camp. A Comisión acorda aprobar a solicitude de gasto.

3. Valoración das reclamacións ás listaxes provisorias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2021.

A secretaria da Comisión da traslado de 2 incidencias.

A primeira relativa a unha axuda de Discapacidade solicitada no prazo provisorio (despois de rematar o prazo de solicitudes). Esta solicitude foi excluída por fóra de prazo.

A persoa interesada fixo unha consulta por email á Valedora universitaria e foi informada que na base 8º da convocatoria de fondo social di:

"As solicitudes deberán presentarse durante o período comprendido entro o 16 de xuño e o 6 de xullo de 2021 (ambos incluídos). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude."

A comisión ratifícase na exclusión da axuda de discapacidade por fóra de prazo.

No caso da incidencia 2 na que a persoa presenta solicitude de gastos de estudos de Farmacia na Universidade de Santiago, despois de revisar toda a documentación aportada, a comisión decide excluír a solicitude porque non reúne os requisitos da convocatoria debido a:

- A persoa aporta documentación conforme ten concedida matrícula gratuíta por matrícula de honra LOMCE, polo que ten concedida axuda para o mesmo concepto.
- A persoa non manifesta no Anexo I que xa ten concedida axuda para estes estudos.
- Nas axudas de estudos no ámbito universitario, quedan excluídos os/as causantes que teñan a matrícula gratuíta nalgunha das universidades galegas (base décimo quinta punto 3 da convocatoria).
- Quedan expresamente excluídos os cursos de posgrao ..., así como os gasto de taxas administrativas, de secretaria, pagamento de títulos ou outros gastos de natureza similar (base décimo quinta punto 3 da convocatoria).

4. Informe anticipos 2020.

A xefa da sección de retribucións presenta o informe e non hai preguntas relativas ao mesmo.



5. Rogos e preguntas.

María Montero pregunta pola cobertura de fondo social para xubilados, en concreto, das axudas do Fondo Social destinadas a sufragar os prezos públicos de matrícula do persoal da Universidade de Vigo nas universidades públicas galegas. Se aclara que a convocatoria admite ao persoal xubilado durante o ano do gasto ao que se refire a convocatoria. Nesta convocatoria de fondo social 2021, en concreto, serían os xubilados ao longo do ano 2020.

Javier Lorenzo Paniagua, pregunta ámbito aplicación convocatoria, se aclara que debe ser persoal con cargo a capítulo I e estar dentro ámbito aplicación convenio colectivo.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 13:40 horas

